



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Bandas deseñadas: coñecelas e utilízalas nas bibliotecas. (en colaboración coa Consellería de Cultura e Deportes)

**GRUPO:** Cursos Local

**ÁREA:** Históricos EGAP

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	12
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2007
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**RESPONSABLE:** []

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRINCIÓN CURSO

- Facilitarlles o coñecemento global aos bibliotecarios do material: historia, tipos, estrutura, ofertas, tendencias e estilos.
- Integrar a banda deseñada nas bibliotecas como oferta cultural de valor propio. Dar a coñecer a alta calidade de moitos produtos e a súa diversificación de oferta tanto ao público infantil/xuvenil coma ao adulto.
- Informar e proporcionar vías para o acceso á banda deseñada galega, de gran calidade e de grandes posibilidades nas nosas bibliotecas.
- Ofrecer pautas para o tratamento técnico e para a integración da banda deseñada nas bibliotecas públicas.
- Ofrecer orientación para o acceso aos materiais: adquisicións, enderezos e puntos de venda, etc. Ofrecer acceso a posibles materiais complementarios, enlaces web e bibliografía.
- Dar ideas para actividades arredor da banda deseñada nas bibliotecas.

### DESTINATARIOS

Destinatarios: bibliotecarios da rede de bibliotecas de Galicia.

### PROGRAMA

1. O cómic ou banda deseñada: concepto, historia e formas de presentación.
2. A banda deseñada galega: historia e autores.
3. A banda deseñada nas bibliotecas:
  - Problemas e formas de adquisición.
  - Tratamento técnico.
  - Banda deseñada infantil/Banda deseñada para adultos.
  - Difusión, animación, obradoiros.
4. Bibliografía, obras de referencia. A banda deseñada na internet: enlaces de interese.
- 5.3. A colección local: desde o pasado cara ao futuro.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.
2. O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos da Administración pública (agás os cursos a que se refire o punto terceiro desta resolución) durante os últimos cinco anos.
3. Ratio de orzamento en gastos correntes/habitante, segundo consta na estatística xeral do ano 2005 no caso das bibliotecas municipais.
4. A antigüidade, como tal entenderase o tempo transcorrido desde a data de ingreso na Administración pública.
5. Co obxecto de que estea representado o maior número posible de bibliotecas seleccionárase solamente un solicitante por centro.
6. Establécese unha reserva de nove prazas para as bibliotecas xestionadas pola Xunta de Galicia e para o CSBG.

Estas prazas cubriranse aplicando os criterios citados.

7. No caso de vacantes, poderán cubrirse as prazas con titulados universitarios en biblioteconomía e/ou documentación, historia, filloxía ou humanidades.

En todo caso será aplicable, con carácter supletorio ao establecido nesta convocatoria, a Resolución do 30 de xaneiro de 2007 pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 27 do 7 de febreiro).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### CO07BD001SA

**LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA

**INICIO / FIN:** 03/09/2007 a 14/09/2007

**NUM. PRAZAS:** 25

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE